



CONCELLO DE LAXE (A CORUÑA)

Avda. Cesáreo Pondal, núm. 26 – CP 15117 – Teléfono: 981 706 903

Fax: 981 728 025 – E-mail: correo@laxe.es

RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA

Asunto: Aceptación da renuncia de Sara Pallas Aldao como persoal funcionaria interina, auxiliar administrativa, na área de Servizos Sociais do Concello de Laxe.

Núm. Admvo. Expte.: 2021/X999/000019

Expte. Decreto Núm.: 2022/G003/000001

Visto o escrito presentado por D^a Sara Pallas Aldao, con data do 30/12/2021 no que renuncia de xeito voluntario ao posto de auxiliar administrativa, persoal funcionario interino, de Administración Xeral, Subgrupo C2, na área de Servizos Sociais do Concello de Laxe para a execución de programas de carácter temporal e de duración determinada que non respondan a necesidades permanentes da administración neste concello, con efectos desde o 10/01/2022 e para aceptar un posto de traballo noutra entidade.

Visto que de conformidade co establecido no artigo 63 do Texto Refundido da Lei do estatuto básico do empregado público aprobado por Real Decreto 5/2015, de 30 de outubro, a renuncia voluntaria configúrase como unha das causas de perda da condición de funcionario de carreira. A renuncia ao seu posto, tanto de funcionario de carreira como de funcionario interino, pode realizarse en calquera momento, cesando no mesmo, sen que se esixa pola normativa un prazo mínimo de preaviso. A dita renuncia para que surta efectos xurídicos deberá formalizarse por escrito para que quede constancia fehaciente da mesma.

Á vista do anterior e de conformidade co artigo 21.1.h da Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases do Réxime Local, esta Alcaldía

RESOLVE:

Primeiro. Aceptar a renuncia voluntaria de Sara Pallas Aldao, con DNI núm. ***205***, con efectos do 10/01/2022; persoal funcionario interino, de Administración Xeral, Subgrupo C2, na área de Servizos Sociais do Concello de Laxe para a execución de programas de carácter temporal e de duración determinada que non respondan a necesidades permanentes da administración neste concello desde o 15/10/2021.

Segundo. Notificar a presente resolución á interesada.

Terceiro. Comunicar ao Rexistro de persoal para os efectos oportunos.

Cuarto. Publicar esta resolución na páxina web do concello (concellodelaxe.com), no Taboleiro de Anuncios e na sede electrónica municipal.

Quinto. Dar traslado ao Departamento de Contabilidade municipal para a realización dos trámites necesarios para o seu coñecemento e efectos.

Mándoo e asínoo, en Laxe na data da sinatura incluída á marxe, o primeiro tenente de alcalde, D. Francisco Charlón Oróns, do que eu como secretaria dou fe.

O primeiro tenente de alcalde,
Asdo.: Francisco Charlón Oróns

A secretaria-interventora
Asdo.: Begoña Carrasco García